

**ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
CONCELLO DE BERGONDO
SETEMBRO 2021**

CÓMICA DE LINGUA

Esta actividade de dinamización lingüística do Concello de Bergondo ten como obxectivo fomentar o uso da lingua galega nas franxas máis novas. Desenvólvese coa colaboración do **CRA de Bergondo**.

Obxectivos xerais:

- Garantirlle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos..
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

Destinatarios: nenos e nenas a partir de 3 anos.

Calendario: sábado, 25 de setembro de 2021.

Horario: 18.00 horas

Prezo: actividade gratuíta.

BASES DA ACTIVIDADE.

A actividade, por mor da crise sanitaria, organizarase soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

1. Prazo de presentación de solicitudes: a partir do 14 de setembro ata o 22 de setembro, ás 14 horas.

2. Horario e forma de presentación de solicitudes:

- Vía correo electrónico: no correo electrónico educacion@bergondo.gal (preferentemente)
- Vía presencial: de 9.00 a 14.00 h. na Casa de Cultura. CON CITA PREVIA no **981 79 12 52 ext.7**

3. A adxudicación das prazas dispoñibles será por rigorosa orde de inscrición.

4. Primeira comunicación: O día 22 de setembro, comunicaráselles aos inscritos o número das súas butacas, vía correo electrónico.

5. Reclamacións: O prazo de reclamacións será o 23 de setembro.

6. **Listaxe definitiva:** O día 24 de setembro, comunicaráselles ao resto dos inscritos, que figuren na lista de reserva, a adxudicación das butacas libres, se has houbese; vía correo electrónico.

7. **O Concello de Bergondo** resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, etc. que se consideren necesarias por motivos organizativos.

8. **As persoas ou representantes dos menores** que realizan as solicitudes:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a asistencia á actividade, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan unicamente a ceder os datos persoais imprescindíbeis da solicitude á empresa que desenvolverá a actividade.
- Autorizan a utilizar as imaxes tomadas na actividade, nas cales aparezan individualmente ou en grupo, para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos ou carácter pedagóxico.
- De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

9. **NORMAS PARA A PREVENCIÓN DA COVID**

- Horario de acceso 30 minutos antes da actuación.
- Uso de máscara para todos/as os asistentes: debe cubrir a boca e o nariz.
- Desinfección de mans: xel hidroalcohólico dispoñible.
- Toma de temperatura.
- Distancia social mínima 1,5 metros entre persoas.
- Respetar os circuítos de paso e senalización.